



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Idioma Moderno: Portugués	Código	613G01051	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Profesorado	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia fornece formación básica de carácter teórico-práctico na descrición e uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita.</p> <p>O alumnado debe adquirir todas as competencias do nivel A2 (usuario básico, grao elevado do nivel elemental), dentro dos seis niveis que se distinguen no "Marco común europeo de referencia para as linguas".</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.	A8		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Apresentar(-se) e despedir(-se). Cumprimentar e dar informacións persoais.	1.1. Alfabeto. Artigos. Pronomes persoais suxeito. Género e número. Pronomes interrogativos. 1.2. Dados persoais (morada, estado civil, profesión e nacionalidade). Formas de tratamento.
2. Localizar e describer lugares. Pedir informacións e indicar direccións.	2.1. Presente do Indicativo dos verbos regulares. Preposicións e contrações. Demonstrativos. Locucións adverbiais de lugar. 2.2. Casa. Cidade. Universidade.



3. Relatar accións cotidianas. Fazer compras, reservas e pedidos. Perguntar e dizer as horas.	3.1. Acentuación. Pronomes persoais átonos de CI. Verbos reflexos. Construcións perifrásticas. Cardinais. Locucións adverbiais de tempo. 3.2. Dia-a-día. Tempo cronolóxico. Alimentación. Lojas. Transporte. Hotel.
4. Fazer planos. Convidar, aceptar e recusar convites. Expressar gostos e preferencias. Escrever cartas. Falar sobre o tempo.	4.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares. Comparativos e superlativos. Posesivos. Conxuncións. Ordinais. 4.2. Lazer. Épocas festivas. Desportos. Telefonemas, mensaxens e cartas. Tempo climatérico.
5. Descrever persoas e obxectos. Aconsellar e dar instrucións. Planificar festas. Redigir convites.	5.1. Imperativo 5.2. Corpo humano. Cores. Vestuário. Familia. Saúde.
6. Relatar acontecementos pasados. Comparar países e hábitos. Defender puntos de vista.	6.1. Pretérito Perfeito Simple do Indicativo. Pretérito Imperfeito e Pretérito Mais-Que-Perfeito Simple do Indicativo. Indefinidos. Locucións adverbiais de modo. 6.2. Festas e tradicións. Falsos amigos.
7. Apresentar características profesionais. Elaborar un Curriculum Vitae. Enfrentar una entrevista. Fazer inquéritos. Relatar acontecementos futuros.	7.1. Pronomes persoais átonos de CD. Futuro do Indicativo. 7.2. Vida profesional. Expressións idiomáticas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B7 B8 C2 C4	0	15	15
Obradoiro	A8 A10 A15 B3 B4 B6 B7 C2	14	22	36
Prácticas a través de TIC	A8 B1 B3	0	14	14
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B1 B5 B6 B7 C2	3	20	23
Presentación oral	A8 A15 B3 B4 C2 C4	1	3	4
Sesión maxistral	A8 A15 B1 B4 B5 B6 B7 B8 C2 C4	10	25	35
Traballos tutelados	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C2	0	20	20
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que cada estudante terá de coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial.
Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción e interacción orais (monólogos, diálogos, debates etc.). Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudantado.
Prácticas a través de TIC	O alumnado deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas.
Proba obxectiva	A proba escrita permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación?
Presentación oral	Neste tipo de proba avalíase a competencia comunicativa de cada estudante mediante unha pequena entrevista ou conversa co profesor ou coa profesora, en que talvez deba improvisar determinadas situacións. Na proba oral poderán empregarse textos, imaxes ou materiais audiovisuais como apoio.



Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter teórico-práctico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; realizaranse actividades centradas na produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos); resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.
Traballos tutelados	Baixo a coordinación do profesor ou da profesora, o alumnado levará a cabo diversas actividades, ben de maneira individual ben en pequenos grupos, co obxectivo de partillar información, coñecementos e habilidades.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que cada estudante informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades, co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, cada alumno/a poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento, quer por medio do correo electrónico.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C2	Os traballos non presenciais (individuais e grupais) encomendados polo profesorado ao longo do curso suporán un 20% da nota final. Concederase especial relevancia á aprendizaxe colaborativa.	20
Presentación oral	A8 A15 B3 B4 C2 C4	Cada estudante terá de realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa.	20
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B1 B5 B6 B7 C2	O estudiantado deberá realizar unha proba obxectiva de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistrais como nos grupos intermedios e pequenos.	50
Obradoiro	A8 A10 A15 B3 B4 B6 B7 C2	Serán avaliados un conxunto seleccionado dos traballos (orais ou escritos) desenvolvidos nas aulas de maneira individual ou colectiva	10

### Observacións avaliación



## 1. OBSERVACIÓNS XERAIS

- 1.1. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e cos procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que subirá á plataforma moodle.
- 1.2. Para superar a materia, a cualificación mínima da proba obxectiva deberá ser de 5 puntos sobre 10.
- 1.3. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesorado en formato "rúbrica" nas aulas ou a través de moodle. O / A docente achegará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.
- 1.4. Os traballos tutelados entregaranse na aula, en papel, nos días fixados polo profesorado.
- 1.5. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final das actividades se estas se entregaren fóra de prazo sen causa xustificada. Alén diso, se se detectar plaxio, este levará consigo o suspenso na actividade.
- 1.6. Os / As alumnos/as que non superaren a materia en xaneiro poderán recuperala parcial ou totalmente na 2.ª oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.
- 1.7. Tanto as actividades como as probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).
- 1.8. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante). En caso de se producir plaxio, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña? (artigo 14.4).

## 2. CUALIFICACIÓN NA 2.ª OPORTUNIDADE (XULLO)

- 2.1. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas reservadas para a avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que se lles solicitaren e superar tamén aquelas probas (orais e / ou escritas) fixadas polo profesorado da materia.

## 3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A (NP)

- 3.1. Será considerado/a Non Presentado/a aquel alumno ou alumna que non compareza á proba escrita ou que non entregue ningunha das actividades.

## 4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

- 4.1. O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente

co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante (os traballos relativos ao obradoiro solicitaránselle por e-mail) e, se non puidese asistir ás titorías, deberá contactar cos / coas docentes a través do correo electrónico.

## 5. CONVOCATORIA DE DECEMBRO

5.1. O alumnado que se presentar á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba obxectiva (50 %), presentación oral (20 %) e traballos tutelados (30 %).



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arruda, L. (2016). SOS Português! Língua não materna. Gramática A1/B1. Porto: Porto Editora</li> <li>- Arruda, L. (2013). SOS Português! Língua não materna. Vocabulário A1/B1. Porto: Porto Editora</li> <li>- Coelho, J. (2015). Dicionário Global da Língua Portuguesa. Lisboa: Lidel</li> <li>- Coelho, L. / Oliveira, C. (2014). Gramática Aplicada Português Língua Estrangeira -A1/A2/B1. Lisboa: Texto Editora</li> <li>- Malcata, H. (2011). Guia Prático de Fonética. Acentuação e Pontuação. Lisboa: Lidel</li> <li>- Matos, M. (2013). Dicionário Ilustrado de Português. Lisboa: Lidel</li> <li>- Monteiro, D. / Pessoa, B. (). Guia Prático dos Verbos Portugueses. Lisboa: Lidel</li> <li>- Ventura, H. / Caseiro, M. (2011). Guia Prático de Verbos com Preposições. Lisboa: Lidel</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coelho, L. / Oliveira, C. (2006). Aprender Português 1. A1-A2 . Lisboa: Texto Editores</li> <li>- Coelho, L. / Oliveira, C. (2015). Português em foco 1. Lisboa: Lidel</li> <li>- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2012). Gramática Ativa 1. Lisboa: Lidel</li> <li>- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2011). Novo português sem fronteiras 1. Lisboa: Lidel</li> <li>- Dias, A. C. (2012). Entre nós 1. Método de português para hispano-falantes. A1/A2. Lisboa: Lidel</li> <li>- Kuzka, R. / Pascoal, J. (2014). Passaporte para português 1. Lisboa: Lidel</li> <li>- Lemos, H. (2003). Comunicar em português . Lisboa: Lidel</li> <li>- Lemos, H. (2013). Dialogar em português. Lisboa: Lidel</li> <li>- Lemos, H. (2013). Praticar português. Nível elementar . Lisboa: Lidel</li> <li>- Pinheiro, M. C. (2007). Português ao vivo. Textos e exercícios. Nível 1 . Lisboa: Lidel</li> <li>- Pinto, L. P. (2002). Português lúdico . Lisboa: Lidel</li> <li>- Ramos, E. (2006). Portugalizar. Português para galegofalantes . Vigo: Xerais</li> <li>- Rosa, L. M. (2011). Vamos lá começar! Explicações e Exercícios de Gramática. Lisboa: Lidel</li> <li>- Silva, M. (2011). Português atual 1. Lisboa: Lidel</li> <li>- Tavares, A. (2014). Português XXI - 2 . Lisboa: Lidel</li> </ul> <p>RECURSOS WEB Dicionários e recursos lingüísticos Ciberdúvidas: <a href="http://ciberduvidas.sapo.pt/Conjuga-me Net">http://ciberduvidas.sapo.pt/Conjuga-me Net</a>:  <a href="http://www.conjuga-me.net">http://www.conjuga-me.net</a> Corpus do português: <a href="http://www.corpusdoportugues.org/x.asp">http://www.corpusdoportugues.org/x.asp</a> Dicionário Michaelis:  <a href="http://michaelis.uol.com.br">http://michaelis.uol.com.br</a> Dicionários da Porto Editora: <a href="http://www.infopedia.pt">http://www.infopedia.pt</a> Dicionário Priberam:  <a href="http://www.priberam.pt/dlpo/dlpo.aspx">http://www.priberam.pt/dlpo/dlpo.aspx</a> Dicionário Universal da Língua Portuguesa: <a href="http://www.universal.pt/Moderno">http://www.universal.pt/Moderno</a>  Dicionário Michaelis: <a href="http://www2.uol.com.br/michaellis/">http://www2.uol.com.br/michaellis/</a> Ferramentas de pronúncia Forvo:  <a href="https://pt.forvo.com/languages/pt/">https://pt.forvo.com/languages/pt/</a> Prontuário sonoro RTP: <a href="http://www.rtp.pt/wportal/sites/prontuario/index.php">http://www.rtp.pt/wportal/sites/prontuario/index.php</a>. SitePal:  <a href="http://www.oddcast.com/home/demos/tts/tts_example.php?sitepal">http://www.oddcast.com/home/demos/tts/tts_example.php?sitepal</a> Somosfonía: <a href="http://somosfonía.com">http://somosfonía.com</a> Ferramentas de tradução <a href="http://www.opentrad.com/">http://www.opentrad.com/</a> Imprensa Blitz (revista de música): <a href="http://blitz.sapo.pt">http://blitz.sapo.pt</a> Diretório de imprensa escrita em Portugal: <a href="http://www.prensaescrita.com/portugal.php">http://www.prensaescrita.com/portugal.php</a> Sites para a aprendizagem da língua Centro Virtual Camões:  <a href="http://www.instituto-camoes.pt/cvc/aprender.html">http://www.instituto-camoes.pt/cvc/aprender.html</a> Omniglot:  <a href="http://www.omniglot.com/writing/portuguese.htm">http://www.omniglot.com/writing/portuguese.htm</a> CiberEscola da Língua Portuguesa:  <a href="http://www.ciberescola.com">http://www.ciberescola.com</a> Ensina RTP: <a href="http://ensina.rtp.pt">http://ensina.rtp.pt</a> Espaço Língua Portuguesa (Porto Editora):  <a href="http://www.portoeditora.pt/espacolingua/portuguesa/duvidas-da-lingua-portuguesa/destaque-duvidas-lp/Programa">http://www.portoeditora.pt/espacolingua/portuguesa/duvidas-da-lingua-portuguesa/destaque-duvidas-lp/Programa</a>  ? Bom Português?: <a href="http://ensina.rtp.pt/dossie/como-se-escreve-em-bom-portugues/">http://ensina.rtp.pt/dossie/como-se-escreve-em-bom-portugues/</a></p>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías